



VIEIROS

Edición xeral





O SÁBADO EN AGOLADA

O terceiro Encontros nos pendellos homenaxe a Avelino Pousa Antelo

A Asociación de Amigos dos Pendellos de Agolada celebra este sábado a terceira edición dos  Encontros nos Pendellos . Nesta ocasión homenaxease a [Avelino Pousa Antelo](#), "amoroso nacionalista mestre de mestres pertencente ás Mocidades Galeguistas e refundador do Partigo Galeguista". O encontro comezará ás 11.30 horas cun pasarrúas cos grupos Tromentelo, Axóuxere e Bico da Balouta e continuará coa entrega do Pendello de Honra ao homenaxeado para pouco despois celebrar un xantar e rematar cunha serie de actuacións musicais e teatrais.

- 12:33 15/09/2006

A terceira edición dos "Encontros nos pendellos" homenaxe a esta fin de semana a Avelino Pousa Antelo. A asociación de Amigos dos Pendellos de Agolada réndelle tributo así a un persoeiro que representa "o sentir patrio en firmeza de actitude de absoluta fidelidade ao Pobo Galego".

A homenaxe comezará ás 11.30 horas cun pasarrúas de animación cos grupos Tromentelo, Axóuxere e Bico da Balouta. Ás 13:00 horas Avelino Pousa recibirá o Pendello de Honra para media hora despois dar paso a unha serie de intervencións poéticas. Ás 14:30 desenvolverase un xantar e na sobremesa o protagonista será o contacontos Celso Fernández. O tributo continuará cunha actuación de  Os sete magníficos máis un  coa obra  A cadeira voadora , para rematar cunha actuación musical dos grupos A Quenlla, Chouteira e Bailes do Mundo.

Avelino Pousa

Pousa é Membro da Comisión Asesora da Consellería de Cultura e Deportes do Goberno Galego no Ano da Memoria (2006); medalla Castelao da Xunta de Galiza (2006); medalla de ouro da USC e da Agrupación de Cooperativas de Galicia; Premio dos " Bos e xenerosos" da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e San Martiño de A Estrada pola súa exemplar lealdade a Galiza; presidente de Honra da Fundación do Pedrón de Ouro e da Editorial A Fervenza; presidente da Fundación Castelao e Vicepresidente da Fundación W. Fernández Florez; patrón do Museo do Pobo Galego; membro da xunta reitora da Fundación Alexandre Bóveda; socio de honra da Asociación Amigos dos Pendellos de Agolada e do Seminario para Paz de Nova Escola Galega

O homenaxeado foi tamén distinguido como " mestre exemplar" distinguido pola Asociación de Nova Escola Galega e tamén foi nomeado "Rañego de Honra" pola Asociación Cultural Xermolos e mais a Fundación Manuel María da Terra Chá (Lugo).

Ademais é considerado precursor da renovación pedagóxica en Galiza dende a proposta educativa da Escola Granxa de Barreiros en Sarria-Lugo; animador, promotor e mediador de cultura galega de identidade nacional.